



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS, COA PUNTUACIÓN DEFINITIVA, PARA O OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE MARISQUEO CON VARA DENDE EMBARCACIÓN NO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN ZONA DE AUTORIZACIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA

Antecedentes

1. O plan de xestión de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Baiona (PE403A 2023/18-5) aprobouse para o trienio 2024-2026 mediante a *ORDE do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026*.
2. Mediante Resolución do 27 de decembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería do Mar de Vigo, publicada o 30 de decembro, convocouse o proceso selectivo para outorgar a modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para dúas (2) embarcacións, e un máximo de catro (4) tripulantes con dereito a cota, no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de autorización.
3. No prazo establecido, presentáronse once (11) solicitudes ao proceso selectivo.
4. Con data 20 de febreiro de 2025 faise un requirimento de emenda de documentación a catro (solicitudes/armadores/embarcacións). A documentación requirida en cada caso foi remitida no prazo establecido.
5. Mediante Resolución do 10 de marzo de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar de Vigo, publicouse a lista de aspirantes admitidos no proceso selectivo, e abriuse un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións.
6. Non prazo establecido non se presentaron alegacións. Non houbo solicitudes excluídas do proceso.

Consideracións legais e técnicas

1. A *Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece artigo 18 que o exercicio da actividade de marisqueo dende embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación. Para o exercicio do marisqueo dende embarcación soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Censo da flota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.
2. A Resolución do 22 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DOG núm. 209 do 31 de outubro de 2013) establece o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de





xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

3. De acordo co disposto no apartado 1.3.3. das bases da convocatoria, cando o número de solicitudes fose superior ao de prazas, a distribución realizarase en función da puntuación que resulte de aplicar o baremo establecido na letra C do anexo I da Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. O Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

De acordo co anteriormente indicado, RESOLVO:

1. **Aprobar a relación das embarcacións seleccionadas** para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara dende embarcación da Confraría de Pescadores de Baiona, no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de autorización (ANEXO I).

2. Conceder un prazo de **15 días hábiles**, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade:

a) **Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada

b) **No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes** ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

c) As persoas armadoras deberán estar asociadas á entidade titular do plan de xestión, polo que se deberá presentar unha **certificación da confraría de pescadores respecto da súa pertenza como asociada**.

A obtención da modalidade e adxudicación final do número de cotas á embarcación realizarase en función do certificado de conformidade da autoridade marítima (número máximo de tripulantes que a embarcación pode enrolar).

As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas **deberán cumprir co requisito de non ter sancións**, en materia de protección de recursos mariños, firmes en vía administrativa pendentes de pagamento para o outorgamento da modalidade.

Se no prazo establecido non cumpren os requisitos ou non presentan a documentación requirida, entenderase que desisten da súa solicitude





Esta resolución estará exposta no taboleiro de anuncios do departamento territorial, na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015).

A directora territorial

María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS- modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no ámbito do Plan de xestión de moluscos bivalvos en zona de autorización da Confraría de Baiona

EMBARCACIÓNS			CRITERIO DE PREFERENCIA	PUNTOS							
	Nome	matrícula e folio	libre marisqueo e 2 anos de antigüidade	1. nº artes	2. vendas lonxa	3. período activ. Emb.	4. antigüidade porto base	5. nº embarcacións do armador	6. formación armador	7. experiencia profesional	TOTAL
1º	ROSA	VI-4-4186	NON	2,00	2,00	0,50	8,00	3,00	1,30	3,00	19,80
2º	LUIS	VI-6-3086	NON	1,00	2,00	0,50	8,00	3,00	0,50	3,11	18,11



EMBARCACIÓNS NON SELECCIONADAS

EMBARCACIÓNS			CRITERIO DE PREFERENCIA	PUNTOS							
	Nome	matrícula e folio	libre marisqueo e 2 anos de antigüidade	1. nº artes	2. vendas lonxa	3. período activ. Emb.	4. antigüidade porto base	5. nº embarcacións do armador	6. formación armador	7. experiencia profesional	TOTAL
1º	COMANDO	VI-6-3227	NON	0,00	2,00	1,00	8,00	3,00	3,10	0,51	17,61
2º	ROSA	VI-4-4991	NON	0,00	2,00	0,50	8,00	3,00	0,50	1,87	15,87
3º	CARMEN	VI-6-2909	NON	2,00	0,00	0,50	8,00	3,00	1,58	0,00	15,08
4º	DIANA SEGUNDA	VI-5-9854	NON	0,00	2,00	0,50	8,00	3,00	0,00	0,00	13,50
5º	MARÍA DEL CARMEN	VI-8-310	NON	1,00	2,00	0,00	8,00	0,00	0,00	0,00	11,00
6º	SALGO SI PUEDO	VI-8-732	NON	3,00	0,00	0,00	8,00	0,00	0,00	0,00	11,00
7º	R. FONTÁN	VI-5-10128	NON	0,00	2,00	0,50	8,00	0,00	0,00	0,00	10,50
8º	TIBURÓN	VI-6-3082	NON	0,00	0,00	0,00	8,00	0,00	0,00	0,00	8,00
9º	NO QUIERO NADA	VI-5-7401	NON	1,00	0,00	0,50	0,00	3,00	0,00	0,00	4,50

